



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA SECTOR NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS

RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 30/09/2022), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/nais**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Os outros tres representantes de país/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022, sendo un deles proposto pola ANPA.

2.- Son electores/as todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no **Censo** correspondente que a partir do día 4 de novembro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 11 de novembro, na secretaría do centro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día 11 de novembro de 2024.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, **o día 12 de novembro, ás 09:15 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 12 ao 17 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. O día 18 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste Centro o martes día 19 de novembro, de **9.00 a 10.00**, de **13.00 a 14.00** e de **16:00 a 17:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 09:00 horas.



XUNTA
DE GALICIA

CEIP PLURILINGÜE
DA LAXE



República Arxentina, 40
36900 Marín
TLF: 886151345
ceip.dalaxe@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.es/centros/ceipdalaxe/

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao **voto** o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederá ao **escrutinio dos votos**, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Marín, 29 de outubro de 2024

Asdo.:

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

